



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 10 DE XULLO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Proxecto de Lei de pesca de Galicia

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto sobre asunción de función da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións e aplicación dos beneficios fiscais, e sobre a súa asignación á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Decreto sobre asunción dos medios persoais transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1081/2008, do 30 de xuño, sobre traspaso á comunidade autónoma dos medios persoais adscritos ao Hospital Básico de Defensa de Ferrol (A Coruña) transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1081/2008, do 30 de xuño
- Decreto sobre asunción da ampliación das funcións e servizos en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1082/2008, do 30 de xuño, e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/2009

**ACORDOS**



## **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual previsto na Resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, polo que se aproban as bases reguladoras da concesión e subvencións, en réxime de concorrencia competitiva para programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidas polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para a execución do proxecto *Plan de Sensibilización 2008-2009: o local é o global, construíndo redes de cooperación*

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Noia, para a recuperación da Ponte de Traba

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo do convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, para a realización de prácticas profesionais

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos dunha axuda económica de tres millóns catrocentos vinte mil catrocentos oitenta e nove con cincuenta e oito euros (3.420.489.58 euros) á empresa *Servanza*,



S.L. para a execución do proxecto adecuación de nave industrial e instalación de maquinaria que se realizará nas instalacións da empresa en Boiro (A Coruña)

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos dunha axuda económica de seis millóns douscentos noventa e seis mil catrocentos setenta e tres con cincuenta e seis euros (6.296.473, 56 euros) á empresa *Frivipesca Chapela, S.A.* para a execución do proxecto ampliación nave frigorífica e mellora competitividade que se realizará nas instalacións da empresa en Redondela (Pontevedra)

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ares, para o acondicionamento do parque fluvial do río Xunqueira, por importe de trescentos setenta e seis mil cincuenta e catro euros con vinte e catro céntimos (376.054,24 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Viveiro, para a mellora do Campo do Naseiro, no contorno do río Landro, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cotobade, para a execución da obra: “Convenio MAPA. Saneamento na Vila de Arriva. Cotobade (Pontevedra)”, clave OH.336.732, por importe de douscentos dez mil euros, (210.000,00 Euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Redondela, para a execución da obra: “Convenio MAPA. Saneamento de Soutoxuste. Redondela (Pontevedra)”, clave OH.336.660, por importe de cincocentos noventa e novel mil, cento vinte e seis euros con cincuenta e dous céntimos (599.126, 52 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boimorto, para a execución da obra: “Actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Saneamento e depuración en Dormeá. Boimorto (A Coruña)”, clave OH. 315.771, por importe de cincocentos vinte e tres mil setecentos noventa e sete euros con oitenta e cinco céntimos (523.797,85 euros)

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello do Carballiño, para levar a cabo as actuacións



recollidas no “Plan director área empresarial do Carballiño” entre polígono da Uceira e o parque empresarial do Carballiño



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE PESCA, UNHA NORMA ÁXIL E MODERNA QUE PERMITIRÁ AO SECTOR AFRONTAR O FUTURO CON GARANTÍAS DESDE A EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE DOS RECURSOS

- ***A nova norma en materia marítimo-pesqueira derrogará as cinco leis que na actualidade rexen a actividade pesqueira na nosa comunidade autónoma***
- ***O texto normativo faise eco do novo escenario internacional, europeo e estatal, así como da realidade galega que mudou considerablemente desde hai 15 anos***
- ***A lei promove a implantación dunha cultura do seguro no sector, como un instrumento que incida directamente na seguranza marítima, na conta de resultados das empresas e nunha cobertura das posibles situacións imprevistas***
- ***Para o marisqueo a pé prevese a posibilidade de que as organizacións sectoriais accedan a concesións administrativas na zona marítimo-terrestre, algo que ata o de agora só estaba reservado aos cultivos***
- ***O novo texto recolle a figura das áreas mariñas protexidas, áreas de acondicionamento mariño, áreas de repoboación e as reservas mariñas, nas que a participación dos sector é fundamental e básica para poñelas en marcha***
- ***O proxecto incorpora o establecemento de censos por modalidades, pesquerías e caladoiros***
- ***Recolle por vez primeira, dentro da regulación da pesca marítima, a figura da licenza de pesca profesional, desaparecendo así o permiso de explotación***
- ***En canto ao marisqueo, créase unha licenza para esta actividade, en lugar do permiso de explotación, distinguíndose entre marisqueo a pé e desde a embarcación, e cun prazo de vixencia de cinco anos***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e praxe ao Proxecto de Lei de Pesca de Galicia, que derrogará a norma vixente de 1993. A nova lexislación regulará, nun único texto, todas as materias marítimo-pesqueiras que son competencia da comunidade autónoma. Deste xeito, o sector pesqueiro poderá dispoñer dun único texto con rango de lei que será un instrumento áxil, dinámico e de fácil manexo e comprensión, que sentará as bases para que a actividade pesqueira siga sendo unha das máis importantes, duradeiras e viables da nosa economía. Así mesmo, servirá para que a pesca en Galicia se poida xestionar tendo en conta as persoas, a economía e o respecto polo medio e polos recursos.

A nova lei regula a conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros; a pesca marítima profesional e a de lecer; o marisqueo; a acuicultura mariña; a frota pesqueira galega; os axentes do sector pesqueiro galego; a comercialización, transformación e promoción dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura; o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca; a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación; a formación marítimo-pesqueira; a inspección e o control; os rexistros e o réxime sancionador.



A nova lexislación nace do compromiso adquirido polo Goberno galego de deseñar un texto normativo de ordenación do sector pesqueiro que eliminase trabas burocráticas e que fose o suficientemente xenérico e amplo. Ademais, o texto tivo en conta ao sector a través dunha consulta aberta que se iniciou en xaneiro de 2007 coa creación dunha Caixa de Suxestións na web oficial do departamento de Pesca. Así, no actual proxecto recolléronse algunhas das achegas realizadas polos profesionais do mar, ben por acción (incorporando as suxestións feitas) ou por omisión (eliminando cuestións da normativa vixente coas que non estaban de acordo porque lles dificultaba o seu traballo).

### **Simplificación normativa**

O Proxecto de Lei de Pesca de Galicia regulará a lexislación básica da comunidade autónoma en materia de pesca e, polo tanto, derrogará as cinco leis que, na actualidade, rexen a actividade pesqueira: Lei de pesca de Galicia (1993), Lei de confrarías de pescadores, Lei pola que se crea o Servizo de Gardacostas, Lei de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Lei de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira.

Así mesmo, recolle o escenario internacional, europeo e estatal actual, así como a nova realidade galega, que mudou considerablemente desde hai 15 anos, cando se aprobou a norma vixente do ano 93. A proposta legal tamén incorpora referencias á normativa básica estatal como a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e toma preceptos da Política Común Europea de Pesca, que fixou un novo marco de xestión e explotación sustentable dos recursos pesqueiros. Tamén recolle unha parte importante dos principios inspiradores do Código de Conduta de Pesca Responsable da FAO que, aínda sendo voluntario, a súa aceptación é froito do consenso dos países que integran este organismo internacional.

O Proxecto de Lei de Pesca de Galicia estrutúrase en catorce títulos, dez disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

### **Novidades da Lei de pesca**

Entre as novidades que incorpora o Proxecto destacan a proposta dunha cultura do seguro no sector, algo que xa vén sendo desenvolvido a través de distintas accións pola Consellería de Pesca ao longo desta lexislatura. Esta nova concepción do seguro servirá como un instrumento que incida directamente na seguranza marítima, na conta de resultados das empresas e nunha cobertura das posibles situacións imprevistas que poidan acontecer.

Ademais, tamén é de destacar que para o marisqueo a pé se prevé a posibilidade de que as organizacións sectoriais accedan a concesións administrativas na zona marítimo-terrestre, algo que ata o de agora só estaba reservado aos cultivos. Así mesmo, o novo texto prevé a figura das áreas mariñas protexidas, áreas de acondicionamento mariño, áreas de repoboación e as reservas mariñas, nas que a participación dos sector é fundamental e básica para poñelas en marcha.





### **Implantación das licenzas profesionais**

Continuando coas novidades, o proxecto incorpora tamén o establecemento de censos por modalidades, pesquerías, e caladoiros; e recolle por vez primeira, dentro da regulación da pesca marítima, a figura da licenza de pesca profesional, desaparecendo así da nosa lexislación o permiso de explotación. Esta licenza terá unha duración indefinida, e estará ineludiblemente ligada á embarcación e á asignación de posibilidades de pesca a través da identificación da modalidade autorizada. Tamén se inclúe no novo texto a figura do permiso de pesca especial que terá un carácter temporal.

En canto ao marisqueo, créase unha licenza para esta actividade, en lugar tamén do permiso de explotación, distinguíndose entre marisqueo a pé e desde a embarcación, e cun prazo de vixencia de cinco anos. Deste xeito, os mariscadores e mariscadoras non terán que renovar o seu permex anualmente, como están a facer actualmente. Esta modificación redundará nunha mellor planificación das actividades e das estruturas produtivas vinculadas ao marisqueo, ao conferir unha maior proxección temporal no exercicio da actividade.

Por outra banda, a proposta aprobada no Consello da Xunta establece tamén solucións para que determinados segmentos da actividade marisqueira deixen de ter as limitacións de potencia dos motores que tiñan ata a data, respectando sempre a normativa europea.

### **Órganos de participación do sector**

No tocante ás organizacións do sector, a Lei regula a participación das confrarías, das organizacións de produtores, as cooperativas do sector do mar, as organizacións sindicais e outras entidades asociativas. Neste punto, introduce políticas de igualdade entre homes e mulleres que se dedican á actividade regulada neste texto legal. Trátase de medidas que teñen unha plasmación directa e concreta no establecemento de criterios de igualdade na configuración dos órganos de dirección das confrarías de pescadores. Así mesmo, o Proxecto de Lei regulará, por primeira vez nun texto con rango de lei, o funcionamento do Consello Galego de Pesca.

O texto normativo promove, así mesmo, novas fórmulas de xestión das zonas costeiras galegas coa creación da Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca e o Turismo Mariñeiro. Deste xeito, séguese a filosofía do eixe prioritario nº 4 do Fondo Europeo da Pesca (2007-2013).

A Axencia Galega de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do desenvolvemento das zonas costeiras galegas, para mellorar as condicións de vida dos profesionais do mar e das poboacións costeiras. Entre os seus obxectivos figuran a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións nas zonas costeiras; a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento costeiro; a dinamización e coordinación dos grupos de acción costeira vinculados á política de desenvolvemento da pesca, marisqueo e acuicultura; ou o impulso da formulación por parte destes grupos



de iniciativas e programas de desenvolvemento e diversificación das actividades propias do sector.

En canto ao turismo mariñeiro, estipúlase que terán a consideración de actividades deste tipo, entre outras, as de pesca turismo –as desenvolvidas a bordo de embarcacións pesqueiras dirixidas ao coñecemento, valorización e difusión do traballo dos profesionais do mar-; as rutas guiadas, as casas de turismo mariñeiro ou as de promoción e posta en valor da gastronomía mariñeira.

É de destacar tamén que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos plasmou no proxecto, no tocante á protección dos recursos, mecanismos máis áxiles e eficaces para a loita contra a pesca ilegal, establecendo os medios humanos e materiais necesarios, tanto para a inspección como para a vixilancia. Deste xeito, o novo texto, cambiará a denominación do Servizo de Gardacostas, polo de Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira, que terá entre as súas funcións e labores os de inspección, vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento. Por último, o texto recolle a extinción do Intecmar como ente de dereito público, pasando a formar parte novamente da estrutura orgánica do departamento do Goberno galego.

### **Concesións das bateas**

En relación ás concesións das bateas, o artigo 62 do proxecto, pertencente ao título V que regulará a acuicultura mariña, establece que as concesións de actividade na zona marítima outorgaranse por un período máximo de dez anos. Estas poderanse prorrogar por períodos iguais, ata un máximo de trinta anos, unha vez que o solicite a persoa concesionaria.

En canto aos criterios de outorgamento das concesións, o texto Xunta establece que se realizarán logo de procedemento de concurso público que estará presidido polos principios de obxectividade, equidade, publicidade, concorrencia e transparencia. Por último, o baremo que rexerá o concurso público ao que saian as concesións no suposto de extinción “valorará preferentemente” ter sido titular dunha autorización para o exercicio de acuicultura mariña en zona marítima no mesmo subsector de actividade; ter exercido habitualmente a explotación dunha concesión deste tipo; a experiencia no desenvolvemento desta actividade por parte dos particulares e empresas solicitantes; así como a adecuación a criterios técnicos, sanitarios e ambientais que se determinen.

O seguinte artigo, que aborda a transmisión das concesións, prevé a posibilidade da transmisión “mortis causa” destas e, nos supostos de cesión por actos “inter-vivos”, deberá favorecerse a integración económica e social do sector.

Este título conta co apoio da comisión representativa do sector mexilloeiro, coa que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimo se reuniu en diversas ocasións para acadar un texto consensuado.

### **Sancións**





O novo texto tamén establece o réxime sancionador, que divide as infraccións en leve, graves e moi graves, prevendo a imposición de multas que van desde os 60 aos 300.000 euros ou a inhabilitación para o exercicio da actividade.

### **Procedemento para a aprobación definitiva da nova Lei de pesca**

A nova norma, elaborada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, chegou ao Consello da Xunta despois do debate coas entidades e organizacións do sector pesqueiro, tras ser analizado polo Pleno do Consello Galego de Pesca, e logo da súa publicación na web oficial do departamento autonómico para atender ás achegas e alegacións. Ademais, o anteproxecto foi remitido a diferentes consellerías e tamén ás direccións xerais da Función Pública e de Orzamentos, así como á Asesoría Xurídica Xeral, entre outras administracións. Finalmente, solicitouse o ditame ao Servizo Galego de Promoción e Igualdade do Home e da Muller e ao Consello Económico e Social de Galicia.

Tras a súa aprobación por parte do Goberno galego, o Proxecto de Lei pasará a ser debatido no Parlamento para a súa aprobación por parte dos deputados da Cámara. Unha vez teña o visto e prace do hemiciclo, a Lei de Pesca de Galicia sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e entrará en vigor no prazo de seis meses, contados a partir da súa publicación no boletín autonómico. En todo caso, isto non se aplicará no caso da Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca que prevé a norma, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE O GOBERNO GALEGO ASUME A DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE ASOCIACIÓNS E A APLICACIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS CORRESPONDENTES

- *Estas funcións foron traspasadas pola Administración do Estado á comunidade autónoma mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño*
- *O organismo que as asumirá é a Consellería de Presidencia, que actuará conforme os termos do acordo da Comisión Mixta de Transferencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se asumen as funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á declaración de utilidade pública de asociacións e a aplicación dos beneficios fiscais a estas. As ditas funcións foron traspasadas en virtude do Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, e serán asumidas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conforme os termos e as condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 23 de xuño deste ano.

Segundo se estipula no decreto, serán competentes para tramitar a solicitude e instruír o procedemento de declaración de utilidade pública:

- A Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, respecto das asociacións inscritas no rexistro central de asociacións.
- As delegacións provinciais desta consellería, respecto das asociacións que desenvolvan as súas actividades e teñan establecido o seu domicilio dentro do territorio provincial respectivo e estean inscritas no correspondente rexistro provincial de asociacións.
- Os organismos públicos encargados dos rexistros de asociacións especiais, respecto das asociacións reguladas por leis especiais, estatais ou autonómicas, e inscritas nos ditos rexistros.

Unha vez realizada a instrución do procedemento de declaración de utilidade pública por algún dos órganos citados, a resolución do dito procedemento competecerá ao titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A asunción das funcións obxecto deste decreto é efectiva desde o día 1 de xullo de 2008, data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tal e como dispuxo o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño.



## A ÁREA SANITARIA DE FERROL VESE REFORZADA CON 183 PROFESIONAIS TRAS A ASUNCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AO HOSPITAL BÁSICO DA DEFENSA

- ***O Goberno galego está a deseñar un Plan funcional para a área que coordine os recursos existentes, coa posterior activación dun novo plan director que dea resposta a todas as modificacións necesarias derivadas del***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto de asunción expresa dos medios persoais adscritos ao Hospital Básico da Defensa de Ferrol traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia. Así, un total de 183 profesionais integráronse de pleno dereito no Servizo Galego de Saúde reforzando de xeito significativo a atención sanitaria prestada na Área Sanitaria de Ferrol, para o que Servizo Galego de Saúde asume un custo efectivo de 5.440.271 euros cos que completará os ingresos deste persoal.

Ponse fin así ao proceso que se iniciou en xullo de 2007 coa sinatura de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia para a execución do protocolo suscrito que regulaba o uso compartido civil e militar dese centro hospitalario. Mediante o Real Decreto 1081/2008, do 30 de xuño, traspásase á Comunidade Autónoma os medios persoal adscritos ao Hospital Básico da Defensa acordado o pasado 23 de xullo nunha Comisión Mixta de Transferencias e posteriormente ratificado polo Consello de Ministros. En virtude do decreto aprobado hoxe polo Consello do Goberno Galego, asúmense xa de xeito expreso.

### **Visión global da área en beneficio dos pacientes**

O Servizo Galego de Saúde está a deseñar xa un Plan Funcional para a Área Sanitaria de Ferrol que aglutine os recursos materiais e profesionais da área, e se reorganice para extraer o máximo beneficio para á cidadanía. A Consellería de Sanidade ten realizado un esforzo especial con esta Área e respóndese así a unha demanda da poboación.

Construírse a través deste plan funcional unha rede asistencial, onde cada centro hospitalario desenvolva o mellor de cada especialidade, e defínirase a que se vai dedicar cada hospital e con que recursos, en función dos problemas de saúde da poboación asistida. O borrador do Plan someterase este verán á interlocución activa de profesionais, institucións, representantes sindicais e sociedade civil, e está previsto que se xa aprobado no último trimestre do presente ano.

Posteriormente establecerase un plan director da área, que responderá a todas as modificacións arquitectónicas necesarias para poder aplicar o mencionado Plan Funcional. O seguinte paso será o Proxecto Básico e de Execución para poder licitar as obras no primeiro trimestre do ano 2009, mellorando substancialmente os recursos e a calidade na atención da poboación adscrita á Área Sanitaria de Ferrol.

Ademais dos 183 profesionais do Hospital Básico da Defensa de Ferrol que foron transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, na Área Sanitaria de Ferrol están xa



integrados funcionalmente os profesionais médicos militares, que non eran susceptibles de transferencia dada a súa condición de militares, e que xa están a traballar para o Servizo Galego de Saúde.



## A XUNTA ASUME A XESTIÓN DO PARQUE DAS ILLAS ATLÁNTICAS COA POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE MELLORAS PARA CONVERTELO EN MODELO DE REFERENCIA DOS ESPAZOS PROTEXIDOS DE GALICIA

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto sobre asunción das funcións e servizos do parque, cuxa xestión asumiu o 1 de xullo a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible***
- ***O Parque das Illas Atlánticas contará cun orzamento anual de 4 millóns de euros, que achegará o Ministerio de Medio Ambiente, que financiará tamén gran parte do plan de melloras de infraestruturas e a creación do Centro de Interpretación, que se localizará en Vigo e conta cun orzamento de 6 millóns de euros***
- ***O plan de melloras inclúe actuacións nos peiraos de Rodas (nas Illas Cíes), de Ons, no pantalán de Cortegada e no dique de Cíes; así como na accesibilidade ás illas, na xestión de residuos ou na recuperación de biodiversidade***

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto sobre a asunción das funcións e servizos en materia de conservación da natureza que corresponden co Parque das Illas Atlánticas, cuxa xestión asumiu a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o pasado 1 de xullo, mediante o Real decreto 1082/2008 de 30 de xuño do Goberno de España.

As Illas Atlánticas súmanse, así, á rede de parques galegos, integrada ata o de agora por outros seis espazos: as Fragas do Eume e o Complexo dunar de Corrubedo (na provincia da Coruña); a Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadoiro e a Serra da Enciña da Lastra (Ourense) e o Monte Aloia (Pontevedra).

Precisamente, tras asumir a súa xestión, un dos obxectivos da Consellería de Medio Ambiente é levar a cabo un plan de melloras no Parque das Illas Atlánticas, que o convertan nun modelo de sustentabilidade e referencia para os restantes espazos protexidos de Galicia. Estas actuacións poñeranse en marcha ao longo dos vindeiros 12 meses e inclúen obras de mellora nos peiraos de Rodas (pertencente ao arquipélago das Cíes), no de Ons, no pantalán de Cortegada, ademais dunha actuación no dique de Cíes.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente facilitará a accesibilidade ás illas e regulará o transporte a estas. Co obxecto de mellorar os servizos, potenciarase tamén a recollida selectiva de residuos en todo o espazo natural e porase en marcha un plan de xestión de augas. Así mesmo, tratarase de loitar contra o cambio climático, marcándose como obxectivo a redución a “cero” as emisións de CO2 que as actividades que se desenvolven no parque estean a producir.

Na mesma liña, está previsto levar a cabo proxectos de preservación da biodiversidade, como o de reforestación de especies autóctonas, para o que se asinará un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural.



A estas medidas sumaranse outras como a posta en marcha dun plan para regular as tipoloxías construtivas naqueles inmobles que se restauren, de xeito que se acade neste eido tamén un modelo uniforme e acorde co espazo natural.

O Parque das Illas Atlánticas conta cun orzamento anual de 4 millóns de euros, que achegará o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño. Esta contía prevese que se duplique o vindeiro ano mediante acordos coa Administración central e outros departamentos autonómicos, que teñen por obxecto acometer a realización de novas actuacións. De feito, esta mesma semana, a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente acordaron a presentación dunha proposta para a execución de melloras nas infraestruturas do parque no marco do Plan Estrela Verde.

A estes investimentos hai que engadir ademais os 6 millóns que o Ministerio de Medio Ambiente destinará á rehabilitación do edificio Cambón en Vigo, que acollerá a sede do Parque das Illas Atlánticas. Estas obras está previsto que comecen o 1 de outubro.

### **Características**

O Parque das Illas Atlánticas está integrado na actualidade polos arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora, sitos na entrada das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa respectivamente, e a illa Cortegada, situada no interior da ría de Arousa, que representan no seu conxunto unha zona de gran valor ecolóxico mariño e terrestre. O parque nacional abarca na actualidade unha superficie de 8.840 hectáreas, das cales 7.285 son marítimas e 1.194 terrestres, aínda que no futuro podería incrementarse o seu territorio coa incorporación de novas illas. Á hora de ampliar o espazo teranse en conta criterios como a biodiversidade ou a riqueza mariña que poidan chegar as novas illas.





## AS TAXAS UNIVERSITARIAS RENÓVANSE EN GALICIA NA PORCENTAXE MÍNIMA AUTORIZADA POLO MINISTERIO

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/09***
- ***Situaranse na marxe mínima da suba autorizada pola Conferencia Xeral de Política Universitaria, que fixou os límites mínimo e máximo de aumento dos prezos entre o 4,2% e o 8,2%***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/09. Segundo esta normativa, as taxas universitarias actualizaranse en Galicia na porcentaxe mínima establecida polo Ministerio de Ciencia e Innovación, o que significa que os prezos do curso 2007/08 incrementaranse no IPC estatal determinado entre o 30 de abril de 2007 e o 30 de abril de 2008, que é do 4,2%.

Deste xeito, as taxas universitarias na Comunidade galega situaranse na marxe mínima da suba autorizada pola Conferencia Xeral de Política Universitaria, que fixou o límite mínimo de aumento dos prezos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos, isto é, os prezos deberían subir entre o 4,2% e o 8,2%.

O decreto de prezos para o curso 2008/09 establece, para as ensinanzas non renovadas, unha tarifa por curso completo que oscila entre os 561,78 euros e os 795,40 euros; e, para as ensinanzas renovadas, o prezo dun crédito queda fixado entre os 9,73 euros e os 13,25 euros, para a primeira matrícula.

A normativa aprobada hoxe continúa a liña de exencións que recollía por primeira vez en Galicia o decreto de prezos públicos para o curso 2007/08. Así, quedarán exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto os/as alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa, alumnos e alumnas discapacitados, vítimas de actos terroristas e de violencia de xénero.

Ademais, o alumnado con matrícula de honra global en 2º curso de bacharelato con premio extraordinario no bacharelato ou nun ciclo superior de Formación Profesional terá dereito, durante o primeiro ano, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula.



## A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas para financiar os gastos dos centros de educación infantil para nenos e nenas de cero a tres anos***

O Consello da Xunta deulle esta mañá o visto e prace á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, das subvencións para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. O importe global destinado a estas axudas ascende a 2.912.177 euros.

Esta subvención recolle unha liña de axuda dirixida a sufragar os gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís.

Poderán solicitar estas axudas todas as corporacións locais de Galicia que teñan en funcionamento unha escola infantil, sempre que o centro non estea integrado na Rede Galega de Escolas Infantís *Galescola*, dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. No caso de non poder atender a todas as solicitudes, na adxudicación primarase as escolas pertencentes a concellos adheridos ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, a aqueles centros que obtivesen esta axuda en anos anteriores e a aqueles centros que leven máis tempo funcionando desde a data da concesión do permiso de inicio de actividade.

### **Axilidade e aposta pola xestión pública**

A contía anual das axudas estará en función do tipo de xestión, do número de unidades da escola infantil e da prestación do servizo de comedor. Ademais, primarase a xestión directa dos servizos sobre aqueles servizos prestados de forma indirecta a través de contratos de xestión de servizos públicos.

Para obter as axudas, será de obrigado cumprimento para as entidades locais solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións. As escolas tamén terán que comprometerse a adxudicar prazas con carácter urgente aos fillos de mulleres vítimas da violencia de xénero.



## A XUNTA DESTINA 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- ***A convocatoria de programas é unha nova ferramenta destinada a mellorar a realidade dos países receptores, apoiando procesos integrais, que incidan sobre as causas xeradoras da pobreza***
- ***Co deseño a medio prazo, permítense manter criterios de coherencia, eficacia e eficiencia nas actuacións de cooperación ao desenvolvemento***
- ***Estas actuacións desenvolveranse ao longo dun período temporal dun máximo de catro anualidades orzamentarias***
- ***Para recibir financiamento con cargo a esta convocatoria de axudas, as entidades solicitantes deberán contar coa capacidade financeira e de xestión, social e estratéxica necesaria para executar os programas***
- ***Estes programas teñen como países prioritarios Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia, Senegal, os territorios saharauís, Bolivia, Ecuador, Perú, Cuba, República Dominicana, Haití, Guatemala, El Salvador, Honduras e Nicaragua***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo polo que se dispón unha liña de axudas de 3,6 millóns de euros para a posta en marcha de programas de cooperación ao Desenvolvemento, orientados a unha superación real da pobreza nos países destinatarios da axuda.

Os programas son instrumentos que garanten un mellor impacto das intervencións de desenvolvemento a través do seu deseño a medio prazo, a coherencia das accións programadas, a definición conxunta cos beneficiarios e a complementariedade con outras institucións, organismos e entidades doadores. Deste xeito, trátase de abrir unha nova liña de actuación paralela á establecida de cooperación directa, que incentiva a posta en marcha de procesos de desenvolvemento.

Tal e como se desprende do Plan Anual 2008, e en consonancia coas prioridades establecidas nos *Plans de Actuación por país*, os programas comprenden actuacións dunha maior envergadura que os proxectos e contarán cun apoio financeiro superior. Estas actuacións desenvolveranse ao longo dun período temporal dun máximo de catro anualidades orzamentarias.

Entre os países prioritarios á hora de subvencionar proxectos, destácanse os seguintes:

-África: Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal territorios Saharauís.

-América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú

-Caribe: Cuba, República Dominicana e Haití



-Centroamérica: Guatemala, El Salvador, Honduras e Nicaragua

Para recibir financiamento con cargo a esta convocatoria de axudas, as entidades solicitantes deberán contar coa capacidade financeira e de xestión, social e estratéxica necesaria para executar os programas, tal e como veñen exixindo outras entidades financeiras públicas españolas que están a empregar este instrumento.

### **Cooperación galega transformadora**

A posta en marcha desta liña de axudas enmárcase, ademais, na Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento e o *I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*. Estes dous instrumentos promoven unha cooperación galega transformadora das realidades dos países onde actúa, encamiñada tamén á promoción activa do dereito a un desenvolvemento humano integral e sustentable das súas poboacións. Neste sentido, como entidades con especial dedicación e experiencia na canalización do compromiso da sociedade galega cos pobos máis desfavorecidos, as ONGD constitúense en interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.



## O GOBERNO GALEGO ACHEGA 125.000 EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN POR PARTE DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

- ***O Fondo agrupa na actualidade a 98 concellos e as 4 deputacións provinciais de Galicia***

O Goberno galego autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do *Plan de Sensibilización 2008-2009: do local ao global, construíndo redes de cooperación*. A este proxecto, a Xunta de Galicia destina 125.000 euros.

As actividades que se enmarcan dentro deste plan, promovido polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, organízanse en tres liñas: unha primeira denominada *Pensar - Reflexionar*, que inclúe actividades formativas especialmente dirixidas aos responsables políticos do eido local, con oito cursos de formación e o apoio aos encontros da Rede Municipalista Solidaria. Doutra banda, a iniciativa denominada *Facer - Actuar*, que inclúe a posta en marcha dos programas *Vacacións con Traballo* e *Teatro con Fondo*. En terceiro lugar, a liña denominada *Ver – Coñecer*, que pretende mostrar, a través da elaboración dun informe sobre cooperación municipal, dos boletíns *Infórmate a Fondo*, dunha páxina web, da memoria, ou das actividades de intercambio con organizacións parceiras dos países do Sur, o potencial dos concellos nas actuacións da cooperación para o desenvolvemento.

### **Fortalecemento do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

A Xunta considera necesario contribuír ao fortalecemento do *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade* como organización, dado que engloba 98 concellos e as 4 deputacións provinciais, como entidades interesadas en promover tarefas de cooperación. Así, o fondo apoia as iniciativas que neste ámbito posúan as institucións e, en especial, desenvolve accións de sensibilización e concienciación entre a cidadanía galega.



## A XUNTA CONVOCARÁ 178 BOLSAS PARA ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- ***A Consellería de Educación investirá máis de 1,5 millóns de euros en axudas para a realización destes estudos durante o curso 2008-2009***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Educación a investir 1.504.922 euros para financiar a convocatoria de bolsas de nova adxudicación e prórroga para a realización de estudos de doutoramento nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo durante o curso 2008-2009.

Convocaranse en total 178 bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades galegas, conducentes ao título de doutoramento, das cales 80 son de nova adxudicación e 98 para prórrogas. Estas bolsas son cofinanciadas, ata un máximo do oitenta por cento, polo programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo, e teñen como finalidade a especialización do estudante nun campo científico, técnico ou artístico determinado, así como a súa formación en técnicas de investigación.

A duración das axudas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2008 e setembro de 2009. A dotación da bolsa será de 600 euros mensuais para aqueles bolseiros de nova adxudicación, que ademais percibirán un importe de 380 euros en concepto de axuda á matrícula. Para as bolsas de prórroga, a cantidade mensual a percibir será de 700 euros máis 325 euros para a matrícula.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 15 de setembro do 2008 para as bolsas de nova adxudicación e para aquelas de prórroga será dun mes desde o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben nos rexistros xerais das universidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia.

A selección das bolsas de nova adxudicación realizaraa unha comisión constituída por tres representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG, que elixirán os/as bolseiros/as en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva por área de coñecemento segundo a nota media ponderada dos cursos 2004/2005, 2005/2006 e 2006/2007.

Para poder acceder ás bolsas para a realización da prórroga dos estudos de terceiro ciclo, os/as bolseiros/as deben xustificar ter aprobados 20 créditos da súa matrícula do curso 2007/2008 e estar matriculados durante o curso académico 2008/2009 no segundo bienio de estudos do terceiro ciclo impartido en calquera das universidades galegas.

Mediante estas convocatorias, a Administración educativa autonómica contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior.





## **A XUNTA REPARARÁ E CONSOLIDARÁ A PONTE DE TRABA EN NOIA, CUN INVESTIMENTO DE 287.300 EUROS**

- ***A Consellería de Cultura fará a actuación este ano para reforzar piares e bóvedas e cambiar o pavimento da calzada***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as obras de reparación e consolidación da Ponte de Traba, en Noia, nas que se investirán 287.300 euros.

A Ponte de Traba, situada na vila de Noia, é unha construción medieval, con marcas de canteiro coincidentes coas da fábrica de Santa María a Nova, o que permite datala no século XIV. Na intervención nesta ponte reforzarase a súa estrutura coa consolidación de dous dos seus piares e o reforzo de dúas bóvedas.

Ademais, eliminarase o pavimento asfáltico da calzada actual e substituirase cunha nova pavimentación con lastros. Para desenvolver estas actuacións construírse un acceso provisional para executar a plataforma de traballo no leito do río e montarse unha pasarela peonil provisional.



## O ALUMNADO DE CIENCIAS DA SAÚDE DA UNIVERSIDADE DE VIGO CUMPRIMENTARÁ A SÚA FORMACIÓN TEÓRICA CON PRÁCTICAS EN CENTROS ASISTENCIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio que reforza a formación destes estudantes***
- ***O alumnado obterá unha visión real do sistema sanitario, ademais de prepararse para a súa futura incorporación ao traballo***
- ***O ámbito sanitario permitirá aos universitarios enfrontarse a situacións reais de exigencia profesional e, deste xeito, forxar a actitude e predisposición necesarias para a asunción das responsabilidades***

O Consello da Xunta autorizou un convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas preprofesionais do alumnado da institución académica.

Así, os estudantes de Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo que teñan superado o 50 por cento dos créditos da súa titulación nos plans renovados, ou se atopen nos dous últimos cursos de plans non renovados, completarán a súa formación teórica coa práctica en centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

A selección dos alumnos que realizarán as prácticas corresponderá á Universidade de Vigo, que deberá comunicar á Consellería de Sanidade o número de estudantes para a súa realización, xunto coa referencia á titulación cuxos estudos están cursando actualmente e os contidos e obxectivos da formación práctica para cada un deles.

A selección dos centros asistenciais ou unidades para a realización de prácticas, así como o establecemento do número definitivo de alumnos aceptados, corresponderá á Consellería de Sanidade, a través da súa Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, unha vez consultados os correspondentes centros e dispositivos, e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

### **Profesionais cunha visión real**

A Consellería de Sanidade e a universidade viguesa consideran que a colaboración mutua en canto a transferencia e intercambio de coñecemento contribúe á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como á optimización dos seus recursos materiais e humanos.

Grazas a este convenio, reforzaranse a formación do alumnado e conseguiranse profesionais cunha visión real, ademais de preparalos para a súa futura incorporación ao traballo.



## **A XUNTA DESTINA PRETO DE DEZ MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA E MODERNIZACIÓN DAS EMPRESAS FRIVIPESCA CHAPELA, CON SEDE EN REDONDELA, E SERVANZA, EN BOIRO**

- ***As axudas permitirán a estas empresas acometer a ampliación das súas instalacións e a renovación de maquinaria***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á concesión de axudas económicas por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ás empresas Frivipesca Chapela e Servanza por valor de preto de dez millóns de euros.

Estas subvencións concédense ao abeiro da Orde de axudas, do 20 de febreiro de 2008, para a realización de investimentos relativos á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, que conta cunha dotación orzamentaria de máis de 25 millóns de euros financiados con fondos IFOP.

A solicitude de axuda realizada pola empresa Frivipesca Chapela, que ten as súas instalacións situadas no Concello de Redondela (Pontevedra), ten por obxectivo a ampliación da nave frigorífica. O investimento ao que ten que facer fronte a firma pontevedresa supera os 18 millóns de euros, dos cales a Consellería de Pesca achegará un 34,01 por cento, é dicir, 6.296.473,56 euros.

No caso de Servanza, unha compañía con sede en Boiro (A Coruña), a solicitude de axuda ten que ver coa adecuación da súa nave industrial e a instalación de nova maquinaria. Para este proxecto, a empresa gastará algo máis de dez millóns de euros, dos que a Consellería de Pesca achegará 3.420.489,58, o que supón o 34,01 por cento do investimento total.

Ademais desta Orde do 20 de febreiro de 2008, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), nesta ocasión o pasado mes de maio, outra convocatoria de axudas para este mesmo ano para investimentos relacionados coa mellora da transformación e comercialización dos recursos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Neste caso, o importe que prevé é de máis de 74 millóns de euros, financiados co Fondo Europeo da Pesca (FEP).



## O GOBERNO GALEGO E O CONCELLO DE ARES ASINARÁN UN CONVENIO PARA O ACONDICIONAMENTO DO PARQUE FLUVIAL DA XUNQUEIRA, CUN ORZAMENTO DE 376.000 EUROS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e o concello coruñés para executar o proxecto***
- ***Esta actuación permitirá a recuperación e protección do humidal do río da Xunqueira, integrado no Inventario de Humidais de Galicia, que conta cunha superficie de catro hectáreas***
- ***As obras incluírán a limpeza e roza da maleza na zona, execución dunha senda peonil e instalación de puntos de observación de aves***
- ***As obras serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente en dúas anualidades***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ares (A Coruña) para o acondicionamento do parque fluvial do río Xunqueira. Medio Ambiente asumirá o financiamento íntegro desta actuación, por importe de 376.054 euros, en dúas anualidades.

Este proxecto permitirá a recuperación e acondicionamento dun treito das marxes do río Xunqueira, como punto de partida da creación dun parque fluvial na zona do humidal, co fin de contribuír á súa recuperación, revalorización e potenciación.

O humidal do río Xunqueira está integrado no Inventario de Humidais de Galicia e conta cunha superficie de 4,02 hectáreas. O obxectivo da Consellería de Medio Ambiente é adecuar a zona para facilitar o acceso do público a esta e posibilitar así o coñecemento da súa flora e fauna e o seu desfrute como espazo natural.

O proxecto dividirase en dúas fases, que se realizarán durante as anualidades 2008 e 2009 respectivamente. A primeira fase abarcará o acondicionamento dunha parcela de 12.200 metros cadrados de titularidade municipal, que está atravesada polo curso fluvial e á que non é posible acceder debido á maleza existente, polo que os primeiros traballos estarán centrados na limpeza e roza da zona e na adecuación do acceso á parcela desde a AC-123 mediante a súa pavimentación.

Para facilitar un percorrido de observación do humidal está previsto executar unha senda peonil de madeira sobre estacas ao longo da zona de servidume de paso do río e a instalación de dous puntos de observación de aves, que completarán o proxecto. O proxecto ten un prazo de execución de 12 meses.



## A XUNTA ACOMETERÁ A MELLORA DO CAMPO DO NASEIRO, SITUADO NO CONTORNO DA ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES DO RÍO LANDRO, EN VIVEIRO

- ***As actuacións, cuxo orzamento ascende a 200.000 euros, inclúen a canalización da rede de subministración eléctrica, a eliminación das liñas de alta tensión que discorren sobre o río e a mellora dos servizos***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará obras de mellora ambiental no campo de Naseiro, situado nas proximidades do río Landro, no Concello de Viveiro, na provincia de Lugo. Así se recolle nun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O proxecto conta cun orzamento de 200.000 euros, que serán financiados pola Consellería de Medio Ambiente en dúas anualidades: 50.000 euros no ano 2008 e 150.000 euros no 2009. Pola súa banda, o concello comprométese a realizar todas as actuacións necesarias para a execución das obras e a manter o investimento durante un período mínimo de cinco anos.

As accións recollidas no convenio están encamiñadas á protección, conservación e rexeneración para acadar o equilibrio entre o desenvolvemento económico e a conservación do ambiente do campo Naseiro situado nas proximidades do río Landro, declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. O convenio ten como obxectivo acometer melloras ambientais no campo, onde se celebra todos os anos a romaría do Naseiro declarada de interese turístico nacional.

A parcela na que se levarán a cabo as actuacións divídese en dúas partes: en primeiro lugar, a zona do campo da festa de Naseiro cunha superficie aproximada de 8.000 metros cadrados e; en segundo lugar, a zona na que se sitúan os aseos públicos, que ten arredor de 800 metros cadrados.

O convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Viveiro desenvolverá as actuacións que se detallan a continuación, que contan cun prazo de execución de tres meses:

1. Canalización de toda a rede de subministración eléctrica que atravesa a zona do campo de Naseiro. Os cables canalizaranse polo chan, eliminando os postes de formigón e a rede eléctrica aérea. A canalización tamén prevé saídas a cadros de control que ata agora se realizaban directamente sobre o cable.
2. Eliminación das torres e liñas de alta tensión que discorren sobre o río Landro, mediante a canalización da liña por unha vía de titularidade municipal. A canalización liberará o río dos cables, mellorando a imaxe do contorno.



3. Acondicionamento e mellora dos servizos actuais de chapa metálica (casetas de obra modificadas interiormente para o uso de aseos) para adaptalos ao contorno a través do emprego de materiais naturais.





## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 800.000 EUROS Á DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE REDONDELA E COTOBADE

- ***A administración hidráulica financiará, con 600.000 euros, a execución dunha rede colectores e construírá unha pequena depuradora para dar servizo ao núcleo de Soutoxuste, pertencente a Redondela***
- ***En Cotobade levarase a cabo un proxecto, orzamentado en 210.000 euros e cun prazo de execución de 6 meses, para dotar de saneamento o núcleo da Vila de Arriba, na parroquia de Sacos***

Os concellos de Cotobade e Redondela, na provincia de Pontevedra, serán obxecto de cadansúas melloras nos seus sistemas de depuración. Os proxectos, aprobados no Consello da Xunta celebrado hoxe, suporán un investimento de máis de 800.000 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica.

No Concello de Redondela levaranse a cabo as obras necesarias para dotar ao núcleo de Soutoxuste da rede de saneamento necesaria para a canalización e tratamento das augas residuais. O proxecto conta cun orzamento de 599.126 euros, que será financiado na súa totalidade pola administración hidráulica, no marco do convenio co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Mapa) para realizar melloras nas infraestruturas hidráulicas.

Entre as actuacións previstas está a execución dunha rede de colectores, con sistema separativo, así como a construción dunha depuradora compacta, con proceso terciario de desinfección por ozonización, deseñada para atender as necesidades dunha poboación de 600 habitantes e cun caudal máximo de tratamento de 1,45 litros/segundo. As obras contan cun prazo de execución de 4 meses, tras a licitación e adxudicación do proxecto.

### **Cotobade**

No Concello de Cotobade, a administración hidráulica vai acometer as obras necesarias para dotar de servizo de saneamento ao núcleo A Vila de Arriba, pertencente á parroquia de Sacos. A actuación prevé a execución dunha rede de recollida de augas residuais, que se conectará coa estación depuradora prevista. O proxecto conta cun orzamento de 210.000 euros e un prazo de execución de 6 meses. Así mesmo, ao igual que no caso de Redondela, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) financiará a totalidade das obras con cargo ao convenio co Mapa para a execución de melloras nas infraestruturas hidráulicas.



## O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 523.000 EUROS NA REDE DE SANEAMENTO DE DORMEÁ, EN BOIMORTO

- ***A obra dotará de saneamento e depuración das augas residuais os núcleos da Algaría, Barrio e Dormeá***
- ***O prazo de execución do proxecto é de seis meses***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a acometer obras de saneamento e depuración en Dormeá, no concello de Boimorto. O proxecto inclúe as actuacións necesarias para dotar dunha rede de saneamento de augas residuais aos núcleos da Algaría, Barrio e Dormeá, así como a construción dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR).

As obras contan cun prazo de execución de 6 meses e un orzamento de 523.797 euros, que será financiado na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). O financiamento distribúese en dúas anualidades; a primeira no ano 2008 de 400.000 euros, e a seguinte de 123.797 euros no 2009.

O proxecto suporá a realización dunha rede que contará cunha lonxitude de 3.553 metros, cos correspondentes pozos de rexistro e catro cámaras de descarga. Para a depuración empregárase unha solución mixta de fosa séptica e humidal, seguindo as directrices do saneamento no medio rural de Galicia para aglomeracións menores de 1.000 habitantes, incluídas no Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015.

A fosa séptica incluirá dúas cámaras; a primeira terá un volume de retención a caudal medio de 24 horas, mentres que o da segunda será a metade.



## O EXECUTIVO AUTONÓMICO INVISTE 2,2 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DO PLAN DIRECTOR ÁREA EMPRESARIAL DO CARBALLIÑO

- ***Esta actuación, aprobada hoxe no Consello da Xunta, implica unha mellora na urbanización, sinalización e servizos do Polígono da Uceira e do Parque empresarial do Carballiño, dotándoos dunha imaxe unificada e de calidade***

O Consello da Xunta autorizou, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 2.251.896 € na execución do “Plan Director Área Empresarial do Carballiño”, que implica unha mellora na urbanización, sinalización e servizos de ambos os parques. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o Concello do Carballiño para levar a cabo as actuacións previstas neste plan.

O investimento da consellería será distribuído en dúas anualidades correspondéndolle 1.157.695 € ao exercicio do 2008 e 1.094.201 € con cargo aos orzamentos de 2009.

Esta intervención dotará o Polígono da Uceira e o parque empresarial do Carballiño dunha imaxe de calidade, harmonizando ambas as urbanizacións cunha unidade de criterio no referente ás beirarrúas, pavimentación, mobiliario urbano e sinalización viaria e de parques. O obxectivo é equiparar os dous ámbitos que conforman a Área Empresarial do Carballiño eliminando as diferenzas existentes na actualidade e mellorando o seu estado.

En concreto, no parque empresarial do Carballiño reducirase o tamaño das rotondas existentes na actualidade, xa que dificultan o xiro para os vehículos articulados de grandes dimensións. Tamén se rebaixará un tramo da calzada e se creará unha zona arborada con inclusión de dúas illas ecolóxicas de reciclaxe e recollida de residuos orgánicos.

No que respecta ao polígono da Uceira executarase un novo firme de calzada xa que o pavimento está moi deteriorado. E en ambos os dous parques unificarase a morfoloxía das beirarrúas e mellorarase a sinalización viaria de tipo horizontal e vertical. Estas actuacións deberán estar feitas antes do 31 de decembro de 2009.